Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 20 de marzo de 2025

[PLG/MSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 20 de marzo de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Katherinie Varela Fernández)
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Daniel Castro García
(en substitución de Alexandra Fernández Gómez)
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Silvia Longueira Castro
Cristina Sanz Arias

Letrada:
Purificación López Gómez

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

A Presidencia dá conta da solicitude de aprazamento -por motivos de saúde da deputada Alexandra Fernández Gómez encargada da súa defensa- da proposición non de lei co número de rexistro 20053 (3) (documento número 22065 que se xunta á acta).

1.3 20053 (12/PNC-001865)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe pór en marcha para impulsar e mellorar o traballo do Observatorio da Vivenda de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159f1, do 19.02.2025

Aprazada (documento número 22065 que se xunta á acta).

A seguir, a presidenta, logo do acordo dos membros da Comisión -aos que informou en tempo e forma xunto coa letrada da Comisión-, por petición do G.P. dos Socialistas de Galicia, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a PNC 20898 (4) e en terceiro lugar a PNC 19570 (1).

Punto único.- Proposicións non de lei

1.1 20898 (12/PNC-001949)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego en relación co obxectivo de levar a cabo a dragaxe do río Lérez
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025
Publicación do acordo, BOPG n.º 177, do 21.03.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición in fine ao punto 2 por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (documento número. 22009), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Bará Torres, Xosé Luís (BNG)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen, logo de explicar o sentido da emenda, anuncia o voto favorable do seu grupo a esta proposta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda- intervén o **señor Trenor López, Gonzalo (P)**, quen expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e motiva o voto en contra do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida o **señor Bará Torres, Xosé Luís (BNG)**, lamenta a postura do grupo que apoia ao Goberno e motiva a aceptación da emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia.

1.2 19861 (12/PNC-001836)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 10 máis
Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego co obxecto de avaliar as emisións producidas pola factoría Tableros Hispanos, localizada en San Xoán de Pena, concello de Lugo, e tomar as medidas que foren necesarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159f1, do 19.02.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición dun novo punto 4 por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (documento número. 22025), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Sanz Arias, Cristina (P)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Auséntase da sala a señora Longueira Castro, Silvia e incorpórase á mesma o señor López Font, Carlos.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG)**, que procede a explicar o sentido da emenda.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda- intervén a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen expón diversas críticas a respecto da proposta coa que non concorda.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Sanz**

Arias, Cristina (P), insiste na importancia desta iniciativa de impulso ao Goberno.

1.3 19570 (12/PNC-001809)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis
Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa tramitación da lei orgánica de transferencia da AP-9 e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que avalíe a oportunidade do rescate desta autoestrada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f2, do 12.02.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición in fine dun novo parágrafo por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 22010), da que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor López Font, Carlos (S),** quen, logo de agradecer a alteración da orde do día, defende a súa emenda que considera que mellora razoablemente a devandita proposta.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante toma a palabra o **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** para expresar a postura do seu grupo a favor da iniciativa de referencia.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P**), comenta as anteriores intervencións e explica as razóns polas que non acepta a emenda.

1.5 20970 (12/PNC-001957)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as melloras na rede viaria da comarca de Pontevedra que o Goberno galego debe iniciar en 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167f1, do 05.03.2025

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución do terceiro parágrafo por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (documento número 22028), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Bará Torres, Xosé Luís (BNG)**, que pasa a explicar o sentido da emenda de substitución do parágrafo terceiro.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda- intervén o **señor Rodríguez Martínez, Roberto (P)**, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e motiva o voto en contra do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, lamenta a postura do grupo que apoia ao Goberno e motiva a aceptación da emenda de substitución.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 19570 (12/PNC-001809), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución dirixirse ao Congreso dos Deputados, en particular á Mesa e a súa Presidenta, co fin de que desbloquee a tramitación da proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autopista do Atlántico (AP-9) á Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto, acordando, de xeito inmediato, a finalización do prazo para a presentación de emendas para permitir que este texto lexislativo avance cara ao debate de aprobación definitiva.

Así mesmo, insta a Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible para que avalíe a oportunidade do rescate da autoestrada AP-9, xa que logo sería máis económico que o mantemento das bonificacións das peaxes ata o fin da concesión.»

1.2 19861 (12/PNC-001836), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 10 (G.P. P+M)

Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 7 (G.P. BNG+S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha campaña de medición indicativa da calidade do aire na contorna da factoría de Tableros Hispanos, situada en San Xoán de Pena, termo municipal de Lugo, empregando para tal efecto a unidade móbil de propiedade autonómica.

2. En función dos resultados obtidos na anterior medición, avaliar se é necesaria a instalación dunha nova estación permanente de medición da calidade do aire.

3. Dirixirse á instalación industrial para que realice un plan de diminución de emisións que inclúa medidas para reducir ao máximo posible a contaminación no proceso produtivo e favorecer a convivencia da veciñanza con esta actividade nun contorno saudable e libre de molestias.»

1.4 20898 (12/PNC-001949), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. 22009). Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (G.P. BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: 0

1.5 20970 (12/PNC-001957), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa incorporación da modificación derivada da emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (núm. 22028). Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (G.P. BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: 0

A Presidencia agradece o ton do debate, o traballo dos servizos da Cámara e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:40 horas.

PARLAMENTO DE GALICIA

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.28 13:46:00 +01'00'

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2025.03.28 10:56:05 +01'00'

V. e pr.
Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión